

8-5-1962.

Estimado Luís:

Esta noite, as 7, cando estaba eiquí traballando, recibín un chamado de Bós Aires, da oficina, para que viaxe enseguida, de xeito que mañán tomarei o primeiro avión da mañán.

Déixoches, as primeiras follas do traballo, para que veas si vai ben; a continuación seguirei coa descripción dos instrumentos -a zanfona, a gaita, etc, e logo unha referencia a cada unha das cántigas populares.

Déixoches tamén o "Cancioneiro Musical de Galicia" xunto con dúas follas onde fago unha lista das cancións que se poden transcribir, co o número da páxina e o número da canción, agardando que esté todo craro.-

En Bós Aires tratarei de finar axiña ó traballo, si a Providencia me axuda.

Unha forte aperta de,

*Pita*

Prégoche, inda que o considero ~~un~~ innecesario, cuidarme o Cancioneiro, para entregarmos nun próximo viaxe. Gracias.

*Pit*

x Xuntamente coas que xe deixas, xa transcribas.